

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Resumo Acta número 42, de 20 marzo de 2023

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado

A sesión realízase a distancia, sesión virtual a través da plataforma institucional Ms Teams, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e co “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunión de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/04/2020. A sesión é gravada.

DATA: 20 de marzo de 2023

HORA DE COMEZO: 10:00 h.

HORA DE REMATE: 11:00 h.

ASISTENTES

Brao Viña, Ana M^a (PAS)

Dosil Díaz, Carlos (PDI)

López Gómez, Santiago (PDI)

López Rúa, Paula (PDI)

Otero Urtaza, Eugenio Manuel (PDI)

Poncet Souto, Marta M^a (PDI)

Santamaria Queiruga, Olaya (PDI)

Sarceda Gorgoso María Carmen (PDI)

Simil Romero, Isabel (Representante Estudiantado)

Souto Seijo, Alba María (PDI)

ESCUSA ASISTENCIA

Romero Castro, María José (PDI)

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (achégase a acta).
2. Análise e reflexión sobre o Informe de seguimento (curso 2021-2022) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil, e aprobación, se procede.
3. Análise e reflexión sobre o Informe de seguimento (curso 2021-2022) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria, e aprobación, se procede.
4. Análise e reflexión sobre o desenvolvemento do Dobre Grao.
5. Análise e reflexión sobre as queixas e reclamacións do alumnado, e decisións a tomar.
6. Rolda aberta de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

A presidenta somete a aprobación a acta número 41, e queda aprobada por asentimento.

2. Análise e reflexión sobre o Informe de seguimento (curso 2021-2022) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil, e aprobación, se procede

A presidenta indica que a Comisión de Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil, na sesión conxunta coa Comisión de Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria, realizada o 22 de marzo de 2023 ás 9:00 horas, acordou valorar favorablemente o informe de seguimento do título de Infantil presentado (curso 2021-2022) e dálle traslado a esta Comisión de Calidade do 22 de marzo de 2023 ás 10:00 horas para a súa aprobación, se procede.

A presidenta cédelle a palabra á coordinadora do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil.

A profesora Alba María Souto Seijo expón e analiza os principais datos do informe de seguimento do título.

A presidenta abre unha rolda de intervencións.

A presidenta somete a aprobación o informe de seguimento (curso 2021-2022) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil, e queda aprobado por asentimento.

3. Análise e reflexión sobre o Informe de seguimento (curso 2021-2022) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria, e aprobación, se procede

A presidenta sinala que a Comisión de Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria, na sesión conxunta coa Comisión de Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil, realizada o 22 de marzo de 2023 ás 9:00 horas, acordou valorar favorablemente o informe de seguimento do título de Primaria presentado (curso 2021-2022) e dálle traslado a esta Comisión de Calidade do 22 de marzo de 2023 ás 10:00 horas para a súa aprobación, se procede.

A presidenta cédelle a palabra á coordinadora do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria.

A profesora Paula López Rúa toma a palabra e explica en primeiro lugar o procedemento de elaboración do informe. O informe de seguimento do título elabórase coa mesma plantilla que o do título de Infantil, polo que a estruturación do documento en dimensións e criterios de análise é a mesma. O informe foi realizado neste caso polo coordinador do título de Primaria da Facultade de Educación de Santiago, e desde Lugo complementouse con datos particulares, accións de mellora e evidencias específicas da Facultade de Formación do Profesorado.

A coordinadora expón e analiza os principais datos do informe de seguimento do título.

A presidenta abre unha rolda de intervencións.

A presidenta somete a aprobación o informe de seguimento (curso 2021-2022) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria, e queda aprobado por asentimento.

4. Análise e reflexión sobre o desenvolvemento do Dobre Grao

A presidenta dálle a palabra á coordinadora do título de Graduada ou Graduado en Mestre de Educación Primaria e Dobre Grao.

A profesora Paula López Rúa fai un resumo do desenvolvemento do Dobre Grao correspondente ao curso 2021-2022.

A presidenta abre unha rolda de intervencións.

5. Análise e reflexión sobre as queixas e reclamacións do alumnado, e decisións a tomar

A presidenta dá conta das queixas e reclamacións axustadas á norma e presentadas polo alumnado a través da Oficina de Análise de Reclamacións e do decanato. A presidenta explica o procedemento que se seguiu para atendelas e a solución que se lles deu.

A presidenta abre unha rolda de intervencións.

6. Rolda aberta de intervencións

A coordinadora do título de primaria e dobre grao comenta que desde Santiago informáronlle de que sempre adxuntan a acta provisional da aprobación dos autoinformes, e solicita a opinión da comisión de calidade para que conste en acta, tendo en conta que isto nunca se fixo en Lugo nin se ten coñecemento de que se teña que se facer, xa que se adxuntan actas dos dous últimos cursos, non do ano en curso. A

profesora Paula López Rúa engade que este tema xa se tratou nas Comisións de título e alí acordouse que non deberían enviarse actas provisionais como evidencia. A presidenta da comisión expresa que non deberían aportarse actas provisionais e a comisión está de acordo por unanimidade, polo que se toma o acordo de non aportar a acta provisional desta reunión como evidencia.

Non hai máis intervencións.

A presidenta agradece a presenza e dá por rematada a sesión da que redacto acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace, a presidenta

Marta María Poncet Souto

María Carmen Sarceda Gorgoso

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 29/05/2023 18:22:03.

Asinante/Firmante/Signer: MARTA MARIA PONCET SOUTO, NIF ***8776**, 29/05/2023 18:19:30.

CSV: 4157-6DCB-4152-AF6F